

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E PUNTOGAL PARA A MONITORIZACIÓN DAS BUSCAS DO GALEGO NA REDE

Santiago de Compostela,

REÚNENSE:

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo.

Don Manuel González González, presidente de PuntoGal, que representa a asociación de acordo cos estatutos modificados na Asemblea Xeral do 31 de outubro de 2012, entidade domiciliada na rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña, co número de CIF G-70065107.

As partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos e coa representación competencial que posúen recoñécense capacidade plena para se obrigaren nos termos deste convenio.

EXPOÑEN:

I. Que segundo o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, lle corresponden a esta consellería, a través da Secretaría Xeral da Lingua (en diante, a SXL), as competencias en materia de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia, e ten como obxectivo impulsar e potenciar o emprego do galego de acordo co disposto no artigo 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no artigo 6.3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

II. PuntoGal é unha organización sen ánimo de lucro, establecida en Galicia, que ten atribuída a xestión dos nomes de dominio de nivel superior baixo o indicativo «.gal». Entre as súas funcións inclúese, igualmente, o desenvolvemento de iniciativas a prol da lingua e da cultura galegas en distintos ámbitos sociais, culturais e tecnolóxicos. Unha destas iniciativas é a realización de estudos e informes sobre o posicionamento do idioma no



ámbito das TIC.

III. PuntoGal iniciou en 2023 un estudo sobre a situación do galego nos resultados dos buscadores debido a un cambio realizado no algoritmo de Google que penalizaba o posicionamento de determinadas linguas minorizadas. O traballo concretouse nun primeiro documento co estado da arte, un piloto de monitorización da rede e unhas reunións iniciais con expertos en SEO (posicionamento en buscadores), que tiveron lugar tanto no Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela coma no marco do Culturgal en Pontevedra. Estes traballos contaron co apoio da Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia.

IV. Como resultado deste primeiro estudo, PuntoGal e a Secretaría Xeral da Lingua constatan a necesidade de profundar na monitorización das buscas do galego na rede, especialmente en Google, xa que estes afectan directamente ao lugar que ocupa o idioma na rede, coas súas derivadas sociais, culturais e económicas.

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer os termos e condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e PuntoGal para levar a cabo actuacións orientadas á investigación da situación do galego nos resultados das buscas en Google.

Segunda. Actuacións

PuntoGal levará a cabo unha monitorización dos resultados das buscas dunha serie de termos no buscador Google en galego para obter as 50 primeiras posicións de busca de cada palabra clave indicada. A busca realizarase desde dispositivos propios (hardware específico), cada un cunha IP e unha localización xeográfica distinta segundo onde finalmente se coloquen. Igualmente, inclúe reunións de traballo con expertos en posicionamento en buscadores (SEO) para constituír unha comunidade arredor deste tema, en concreto levará a cabo as seguintes actuacións:



- Estenderá a rede de sensores a 50 equipos en distintas localizacións en Galicia e a outros lugares de interese para o estudo.
- Desenvolverá un sistema que permita a monitorización continua dos sensores en tempo real.
- Creará unha base de datos de control e almacenaxe da información recollida.
- Poñerá en marcha a publicación de informes anuais.
- Organizará unha xornada sobre SEO en galego e creará un grupo de traballo sobre o tema.
- Incorporará o seguimento e o impacto das buscas con IA nos buscadores.

Terceira. Obrigacións das partes

1. Obrigacións da Secretaría Xeral da Lingua
 - Colaborar na difusión do proxecto
2. Obrigacións de PuntoGal
 - Desenvolver a rede galega de monitorización de buscas coas tarefas indicadas no punto segundo das cláusulas deste convenio.
 - Difundir os resultados dos traballos mediante a publicación de informes periódicos.

Cuarta. Propiedade dos resultados obtidos.

A propiedade dos resultados obtidos das actuacións deste proxecto corresponderán conxuntamente á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a PuntoGal, sendo titulares dos dereitos incorporais de propiedade intelectual de carácter patrimonial.

Nas actuacións informativas e divulgativas, así como nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades, farase constar nun lugar destacado a colaboración das partes asinantes e utilizaranse, en igual tamaño e consideración, os anagramas ou logos que correspondan, segundo o previsto pola normativa de identidade corporativa da Xunta



de Galicia e do Parlamento de Galicia.

Sexa cal sexa o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Quinta. Imposibilidade de promover a concorrencia pública.

O Plan estratéxico de convenios de colaboración para subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2026, no seu apartado 7 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas coa finalidade de que estea presente en todos os ámbitos e sectores sociais e económicos da Comunidade Autónoma, garantindo que calquera cidadán ou cidadá poida vivir plenamente en galego, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrencia pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas diferentes entidades ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán realizar levar a cabo por PuntoGal, non resulta posible promover a concorrencia pública para a realización das actividades previstas en este convenio.

Sexta. Financiamento

O custo total estimado para o desenvolvemento deste proxecto durante os seguintes tres anos é de **64.000,00 euros, IVE engadido.**



A Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia achegará para este proxecto un total de **30.000,00 euros, IVE engadido**, con cargo á partida orzamentaria 13.02.151A.640.1, repartidos en tres anualidades:

2026: 10.000 €

2027: 10.000 €

2028: 10.000 €

A Asociación PuntoGal achegará a cantidade restante **34.000 euros, IVE engadido**, repartidos en tres anualidades:

2026: 24.000 €

2027: 5.000 €

2028: 5.000 €

As cantidades indicadas nesta estipulación serán destinadas na súa totalidade a sufragar os custos necesarios para a realización das actividades obxecto do convenio, sen que ningunha das partes teñan lucro pola súa realización, nin ningún beneficio industrial ou mercantil do mesmo.

Sétima. Forma de pagamento e xustificación do convenio

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante (<https://sede.xunta.gal/carpetado-cidadan>).

PuntoGal percibirá a cantidade que achega a Secretaría Xeral da Lingua en tres pagamentos, que se efectuarán da seguinte maneira:

- O primeiro, por importe de 10.000,00 €, en decembro de 2026.

O período aplicable de imputación dos gastos e pagos susceptibles de financiamento do convenio nesta anualidade será dende a sinatura do convenio ata o 30 de novembro de 2026.



- O segundo, por importe de 10.000,00 €, en decembro de 2027.

O período aplicable de imputación dos gastos e pagos susceptibles de financiamento do convenio nesta anualidade será dende 1 de decembro de 2026 ata o 30 de novembro de 2027.

- O terceiro, por importe de 10.000,00 €, en decembro de 2028.

O período aplicable de imputación dos gastos e pagos susceptibles de financiamento do convenio nesta anualidade será dende 1 de decembro de 2027 ata o 30 de novembro de 2028.

Para percibir os pagamentos, PuntoGal presentará telematicamente, coa data límite do 15 de decembro de cada ano, á Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a seguinte documentación:

- Certificación na que se acredite e detalle que as actividades foron realizadas de acordo co establecido neste convenio.

- Certificación detallada asinada por unha persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, xustificadas coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.

No caso de que a acreditación dos custos sexa inferior ao importe do convenio, as achegas da Secretaría Xeral da Lingua diminuírase na mesma proporción.

No Anexo I desagregase a cantidade total do Convenio.

Oitava. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio se deberán levar a cabo de acordo coas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, segundo se establece



na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983), de normalización lingüística. Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10.º da citada lei.

Novena. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013), e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149, do 3 de agosto de 2006).

Así mesmo, coa sinatura deste convenio, as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen nel e mais o resto das especificacións que contén poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Décima. Comisión de Seguimento, Vixilancia e Control do convenio

Para a supervisión e seguimento deste convenio, constitúese unha comisión técnica de seguimento, vixilancia e control que estará composta por catro (4) membros, dous por parte de PuntoGal e dous por parte da Secretaría Xeral da Lingua. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que decidan as respectivas entidades.

Á comisión poderán incorporarse os/as asesores/as que cada unha das partes designe, se o consideran oportuno, para tratar determinados aspectos específicos do convenio.

A comisión reunirse tantas veces como o solicite calquera dos seus membros. As reunións da comisión poderanse realizar tanto en modalidade presencial coma non presencial, facendo uso de medios telemáticos como audio/videoconferencia ou correo electrónico.

Esta comisión terá ao seu cargo o seguimento e a valoración das accións derivadas do convenio, así como a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que se



formulen.

Décima primeira. Protección de datos persoais

O tratamento dos datos persoais e as posibles cesións ou comunicacións de datos necesarios para a execución e cumprimento do convenio realizaranse conforme o Regulamento (UE) 679/2016, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e a lexislación galega e estatal na materia, incluíndo as estipulacións contidas na Lei orgánica de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

As partes do convenio comprométese ao cumprimento dos requirimentos sobre protección de datos establecidos pola normativa referida anteriormente, en particular no referente á finalidade do tratamento, á base de lexitimación do tratamento, ao período de conservación dos datos, ás cesións ou comunicacións de datos e aos dereitos das persoas interesadas, así como á adopción das medidas de seguridade necesarias.

Igualmente, PuntoGal conta coa certificación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS), Nivel Alto, número de rexistro ENS-0892/25, polo que aplicará este esquema para garantir unha correcta protección da información derivada deste convenio.

Décima segunda. Vixencia e modificación

O convenio ten unha vixencia de tres anos (2026, 2027 e 2028) no ámbito exclusivo do recollido neste documento, dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2028.

Antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un máximo de catro anos máis, de acordo ao artigo 49 da Lei 40/2015. De prorrogarse o convenio, na correspondente addenda estableceríanse as obrigas concretas das partes asinantes.

O convenio poderá modificarse por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto seguindo os mesmos trámites establecidos para a súa sinatura inicial.



Décimo terceira. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo cuarta. Resolución de controversias

As controversias sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivar do convenio resolveranse entre as partes no ámbito da Comisión de Seguimento.

As partes consultaránse inmediatamente para a solución das dificultades aparecidas na aplicación do convenio. No caso de existiren conflitos que non se puidesen solucionar co mutuo acordo das partes, será a xurisdición contencioso-administrativa a competente para a resolución das controversias.

Décimo quinta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas e, polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen unha persoa interesada que estea obrigada a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados e as empregadas das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público. As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notifica (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa



física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sexta. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais. Tamén será aplicable á cidadanía, que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, con respecto ás normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, a cidadanía deberá utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas dos que sexa lexítima titular, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7, apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei).

Décimo Oitava. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións. Quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Aínda que é un dos excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), segundo específica o seu artigo 6, ao non previsto e de acordo co artigo 4 da citada lei aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa vixente na materia (DOG núm. 214, do 5 de



novembro de 1999).

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste convenio.

E para que así conste para os efectos oportunos, en proba de conformidade, as partes asinan este documento, por duplicado e para un só efecto, en Santiago de Compostela na data indicada na última sinatura electrónica.

**Pola Consellería de Cultura, Lingua e
Xuventude**

Por PuntoGal

**D. José Carlos López Campos
Conselleiro**

**D. Manuel González González
Presidente**



ANEXO I
ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO
CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO

Liñas de acción/actividades do convenio	
1.ª actividade/acción, descrición: Posta en marcha do proxecto. 2026 (15.000 do custo da anualidade + 19.000 da posta en marcha = 34000)	
Desagregación das <u>liñas de gasto</u>	Importe
1.ª Estudo previo e toma de requisitos do sistema de seguimento	3.700 euros
2.ª Hardware, 25 sensores, configuración do sistema	5.500 euros
3.ª Envío de sensores, formación, configuración 'on site'	1.000 euros
4.ª Personalización de sensores	3.300 euros
5ª Seguimento de posta en marcha, análise de datos e coordinación desde PuntoGal	6.500 euros
6º Creación, deseño e posta en marcha da web do proxecto	7.000 euros
7ª Elaboración do primeiro informe: redacción, maquetación, deseño e publicación	3.500 euros
8ª Mantemento: comunicación, servidores, seguridade, etc	3.500 euros
TOTAL PARCIAL	34.000 euros
2.ª actividade/acción, descrición: Desenvolvemento do proxecto: 2027	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1ª Hardware, 25 sensores	4.000 euros
2ª Envío de sensores, formación, configuración 'on site'	1.000 euros
3.ª Análise de datos	2.000 euros
4ª Mantemento: comunicación, servidores, seguridade, etc	3.500 euros
5.ª Elaboración do segundo informe: redacción, maquetación, deseño e publicación	3.000 euros
6º Xornada SEO, IA e publicación das conclusións	1.500 euros
TOTAL PARCIAL	15.000 euros
3.ª actividade/acción, descrición: peche do proxecto: 2028	
Desagregación das liñas de gasto	Importe
1ª Hardware, 50 sensores, mantemento, recollida, reciclaxe	2.000 euros
2ª Análise de datos	3.000 euros
3ª Mantemento: comunicacións, servidores, seguridade, etc	3.000 euros
4.ª, Elaboración do informe final: redacción, maquetación, deseño e publicación	4.000 euros
5º Xornada SEO, IA, publicación de conclusións e presentación final de resultados	3.000 euros



TOTAL PARCIAL	15.000 euros
TOTAL	64.000 euros

Importe total do proxecto a 3 anos: 64.000 euros, IVE engadido. Achega da Secretaría Xeral da Lingua: 30.000 euros, IVE engadido, en tres anualidades de 10.000 euros. O resto do financiamento corre a cargo de PuntoGal.

Poderanse aplicar con cargo ao Convenio gastos xerais e/ou de persoal sen superar o 30 % do importe total do convenio. Este límite do 30 % aplícase para todas as liñas de acción ou actividades e non para cada unha delas.

